

TERRA DE OUTES 68

Outubro - Decembro 2024

1€



nesten.

A xurisdición de Muros (XXX)
Baixan os xuros. Debo alegrarme?
Veciños discretos de Outes (VIII)
Sarreaus-Baños de Molgas
Subida ó Tambre
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Manuela Campos

Editorial

Non chove, mexan por nós

De non ser pola prórroga de 25 anos (ata o ano 2048), concedida polo Goberno de Aznar a Audasa, dende o pasado mes de agosto de 2023 poderíamos circular sen pagar a peaxe pola AP-9. A prórroga foi declarada ilegal pola Comunidade Europea e estes son algúns dos argumentos :

- “España ampliou a duración da concesión sen aplicar correctamente os procedementos de licitación.”
- “O verdadeiro obxectivo da prórroga de 25 anos da AP-9 era aumentar substancialmente o seu prezo nunha futura venda que xa estaba prevista.”
- “Non se garantiu a igualdade de trato entre os licitadores.”

Parece ser que na CE non teñen ningunha dúbida da fraude, cousa que non é de estrañar á vista dos feitos:

A prórroga faise no ano 2000 cando a anterior remata no ano 2023 (demasiada antelación, só explicable polo feito de que se ía vender, como así ocorre no ano 2003).

Catro días antes da venda da empresa pública ENA, á cal pertencía Audasa, modifícase a lei de contratos públicos que regula a concesión, en concreto elimínase o artigo 25.2 sen argumentar causa ningunha, nun intento de que a prórroga se axuste á legalidade española. Así calquera: que a prórroga non é legal, será que a lei está mal, bórrase a prohibición e fin do problema. Menos mal que Álvarez Cascos, ministro de Fomento daquela, non tiña poder para modificar a normativa europea. O comprador foi Saayr, empresa de Luis del Rivero, imputado na trama Gürtel por financiamento ilegal do PP e finalmente absolto.

A canto ascende a fraude e a quen afecta?

Os ingresos polas peaxes na AP-9 no ano 2023 foron de 192,6 millóns de euros, polo que se pode estimar que en agosto de 2024 (primeiro ano da prórroga ilegal) os usuarios/as da AP-9, vítimas da fraude, pagaron esa cantidade, e ata 2048 suma e segue; nos 25 anos: 4.815 millóns de euros.

O ministro de Transportes, Oscar Puente, dicía que 4.000 millóns eran demasiados cartos para rescatar a AP-9; en dous días aumentou a 6.000 millóns, cantidades claramente esaxeradas que, ademais, colocan o ministro da parte contraria do litixio, xa que lle correspondería poxar á baixa. Non parece que o PSOE estea polo rescate e transferencia á Xunta de Galiza. Cómpre recordar que, no seu momento, o Goberno deste partido prorrogou por 10 anos a concesión, sen abrir un novo concurso pública.

Cada vez que se paga a peaxe perpetúase a fraude. Van consentilo 24 anos máis?

Na feira

O pasado 17 de agosto, a nosa asociación, coa celebración da feira, na rúa da Capela, puxo un posto de venda de camisetas, revistas e libros que tiñamos no local. Estiveron de garda Kiko, Xosé Manuel, Lola, Paz e Xesús. Grazas á afluencia de xente, que atrae cada ano máis este evento multiforme de seu, démonos a coñecer un pouco máis entre a diversidade das persoas asistentes. Pequenos pasiños.



Este ano, a A.C.C. Terra de Outes non vai facer participacións da lotaría de Nadal, como viña facendo anos atrás. Pero, como tódolos anos, imos tentar a sorte co n.º 05673, que se poderá mercar por décimos completos. Para colaborar connosco, ó mercar este décimo deberás aboar 3 € de donativo e mailo décimo (total, 23 €). Os décimos venderanse exclusivamente na administración de lotarías da Serra de Outes “El jardín” e non é necesario que recordes o n.º; só tes que pedir o n.º da asociación Terra de Outes. O prazo para poder mercar a lotaría que temos reservada é ata o 1 de decembro, pero non o deixes correr, xa que logo se esgota. MOITA SORTE A TODOS/AS e grazas pola vosa colaboración.

O secretario JMO

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Xefe de Redacción: Mingucho Campos

Consello de Redacción: Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



**Concello
de Outes**

Agasallo a Xoán Mariño

Xastre

O pasado sábado, 21 de xullo, no café-bar Tines, Lidia, Xosé Dios, Ramón coa súa filla, Sara, Marisol, Lola, Kiko, Xoán García e mais eu tivemos a honra de agasallar o que foi durante tantos anos presidente e socio fundador da Asociación Cívico-Cultural Terra de Outes, tan coñecida na bisbarra. Malia a decisión propia de pasar a ter un per il baixo, segue colaborando con todos nós en todo o que necesitemos. Dou fe!!

Dende estas liñas quero agradecerlle todo o traballo e tempo que lle dedicou a esta nosa e súa asociación, que nesta hora é todo un referente cultural, pois a actitude da xente en cada número novo que sae á luz (con moito esforzo e dedicación), coa súa demanda e interese, así o demostra.

Grazas, Xoán!! Unha aperta forte.



Asemblea extraordinaria e presentación da revista n.º 67

Xastre

O pasado 3 de agosto tivo lugar na área recreativa pertencente ó Liceo de Noia, que de forma desinteresada nos deixa para os nosos actos, a churrascada do verán (o amigo Kiko Vidal fixose cargo da tallada e triunfou unha vez máis), que aproveitamos dobremente, xa que levamos a cabo a realización da asemblea extraordinaria, onde demos posto a

Xoán Padín e, deseguido, despois do xantar, Ramón deu o paso á presentación da revista, que xa acada o número 67. A xornada decorreu con total normalidade, agás que compartímo-lo recinto cunha concentración de "moteiros" que había en Noia.

O día foi de temperaturas altas, dignas do mes en curso.



A Xurisdición de Muros (XXX)

Lista de oficios da vila de Muros (I)

Xoán F. García

Lista que nós, Francisco Alejandro de Silba, xuíz ordinario desta vila e xurisdición de Muros; don Domingo Malbarez, alcalde; don Domingo Antonio Martínez, don Luis Granero, rexedores; don Carlos de Evia y Barrera, procurador xeral; uns e outros da mesma vila. Don Domingo Antonio Fernández Duque, escribáns de número do propio Concello, Genuario de Nodal e Miguel de Camiña; peritos nomeados por parte da S.M., Juan de Ces e Juan de Mayo; e tamén o foron pola Real Facenda, Jacinto Gómez, Joseph Ramos; Jacobo Lamela e Joseph Barreiros polos naturais desta vila damos ao Sr. Cecilio Morphi subdelegado da Real Única

Contribución por ante min, Domingo Antonio Romero e Caamaño quen asiste a dar fe de todos os oficios, artes, facultades e empregos servís, mecánicos e honoríficos que expoñen os seus naturais, salarios e empregos de que gozan, que todo con distinción é como segue:

Sarxento deste porto: Don Cecilio Morphi ten un salario de sete escudos e medio ao mes.

Concello e os seus dependentes

Xuíz: A don Francisco de Silba considéranse de utilidade anual por razón do seu emprego, douscentos ducados.

Alcaldes: Don Domingo Malbarez non ningunha utilidade, ao igual que Don Bartholome Caamaño.

Rexedores: Nota: Que cada un destes ten de utilidade anual vinte e cinco reais de billón, utilidade que lle pagan á vila e ningunha outra cousa. Don Blas Joseph Malbarez, don Domingo Antonio Caamaño, don Luis Granero, don Domingo Antonio Martínez.

Procurador xeral: Don Carlos de Evia y Barrera non ten utilidade.

Escribáns: A don Domingo Antonio Fernández Duque regúlanselle de utilidade anual mil douscentos reais de billón. A don Joseph Antonio Luazes cen ducados, ao igual que a don Luis Granero.

Procuradores: A don Domingo Romero Caamaño regúlaselle por este oficio sesenta reais, ademais de cincuenta e cinco que cobra da vila por lle dar corda ao reloxo, e corenta e catro que así mesmo lle paga outra vila por porteiro; que en total fan cento cincuenta e nove reais de billón. A Francisco de Casal e Silba, como procurador, sesenta reais de billón. A Manuel de la Torre ídem. E advírtese que non teñen máis utilidade polos seus oficios e son individuos do estado xeral.

Notario e mestre de nenos: A Francisco Xavier Troncoso regúlaselle polo oficio de notario sesenta reais de billón e como mestre de nenos catrocentos corenta que en todo fan cincocentos.

Alguacís: A Matheo de Lago regúlaselle por ese exercicio cincuenta ducados anuais, a Joseph Romero o mesmo, e este é xastre. Nota: Que a utilidade considerada a este último se lle entende ademais do xornal que como xastre lle corresponde.

Xuíz da Mariña: Don Juan de Navia goza do soldo de cincuenta escudos mensuais como oficial segundo da Comandancia de Cádiz, ademais doutros doce escudos de gratificación.



O *alguacil* era a persoa que, como subalterno da administración local da xustiza, tiña atribuídas funcións de apoio ás autoridades locais, levaba armas e actuaba coa forza, de ser preciso, e portaba ademais unha vara como símbolo da autoridade policial.

Imaxe: retrato dun alguacil da época

Ministro da Mariña: Ignacio de la Iglesia non ten utilidade ningunha ademais do xornal que lle corresponde como mariñeiro.

Dependentes de Tabacos e Aduanas: Don Vicente Alvarez de Ortega, administrador, goza do salario de douscentos ducados anuais pola venda de tabaco, máis cento dez reais que lle corresponden como dez por cento que cobra dos dereitos de rendas xerais.

Don Juan Francisco San Martín, cabo de resguardo, goza do salario de cinco reais diarios; Juan Ignacio de Montes, garda, goza do salario de catro reais diarios; Antonio de Lago, notificador, ten un salario de tres reais de billón diarios. E D. Marzelo de Lago.

Nota: Que este último vive nos termos da freguesía de Serres, confinante con esta vila. Inés Martínez é estanqueira cun salario de tres reais diarios.

Dependentes de rendas provinciais: Don Joseph Martínez del Pozo, administrador, goza do soldo de douscentos cincuenta ducados anuais; don Thomas de Lojo, fiel, ten o salario de novecentos marabedís anuais; Benito González, garda, ten o salario de cen ducados; don Domingo Antonio Granero, garda, ten dous marabedís diarios.

Dependentes de salinas: Outro chamado Joseph Pozo goza o soldo de douscentos ducados. Don Francisco Ruíz, sereno, ten cen ducados de soldo anual; Juan Antonio Martínez ten de salario cincuenta ducados; Matheo Sánchez, medidor, ídem.

Administrador das sete rendas e cereiro: O expresado don Domingo Antonio Martínez, rexedor, considéraselle terá de utilidade polo ano, de cuarto de libra de peixe, seiscentos reais de billón, pola décima que lle corresponde deste dereito, e como cereiro regúlanselle cincocentos reais de billón, todos anuais.

Suxeitos que dan cartos ao lucro: A don Casiano Pérez, regúlanselle de utilidade anual dous mil catrocentos reais de billón, por vinte mil que se lle consideran ter dados ao lucro nas embarcacións deste porto, co risco de quilla e costado, a unha taxa dun seis por cento en cada viaxe e considerándose dous nun ano. A dona Maria Antonia Pardiñas, nai de don Juan Antonio

Arredondo, prior desta colexiata, e que vive con ela, regúlanselle outra tanta cantidade pola mesma porción de cartos que ten dado ao lucro, cos mesmos riscos e xuros ca o antecedente. A don Juan Antonio Porrua regúlanselle mil oitocentos reais de billón anuais, polos quince mil que se lle consideran ter dados ao lucro, cos mesmos riscos e xuros ca os antecedentes. A Francisco de Evia regúlanselle mil oitocentos reais de billón de utilidade anual por quince mil que se lle consideran ter dados ao lucro cos mesmos riscos e xuros ca os antecesores.


Tratantes de congro e ferro: A don Juan Antonio Porrua considéranse mil reais de billón de utilidade anual, seiscentos polo congro que beneficia e catrocentos polo ferro. A don Casiano Pérez, o mesmo.

Tratantes de congro: A don Alberto Gianze regúlanselle de utilidade anual seiscentos reais de billón por este trato. A Joseph de Orjas, ídem. A Joseph Patiño, ídem. A D. Antonio Calderón ídem. A outro Francisco de Evia trescentos reais de billón. A dona Maria Antonia Pardiñas, ídem. A Mathias de Cendón, ídem. A D. Alberto Fernández Porrúa, ídem. A D. Antonio Rodríguez de Leis, ídem. A Roque Maceiras, ídem. A Domingo Antonio Priegue cento cincuenta reais de billón. A D. Miguel Arredondo, ídem. A Miguel de Reloba, ídem. A Joseph de Reloba Quirós, ídem. A D. Antonio Sardiñeira, cen reais. A D. Domingo Malbarez, ídem. A D. Juan de Lastres, ídem. A Phelipe González, ídem. A Domingo Baamonde, Alberto de Lojo, ídem. A dona Rosa Paz, ídem.

Tratantes de encaixes e outros xéneros: A Juan de Malbarez regúlanselle de utilidade anual oitocentos reais.

Tendeiros polo miúdo: A Raphael de Noya regúlanselle de utilidade anual mil reais. A Pedro Antonio Santiago, oitocentos reais. A Martín Gómez, seiscentos reais. A D. Luis Granero, ídem. A Bernardo García, cuñado de Francisco Xavier González, cincocentos reais. A Toribio de Lago catrocentos reais. A Pablo de Taxes trescentos reais. A Jacobo de Alborés, cen reais.

Tratantes de liño: A D. Casiano Pérez regúlanselle mil reais de utilidade anual. A dona Maria Antonia Pardiñas, seiscentos reais. A don Antonio Calderón cincocentos reais. A Mathias de Sendón, ídem. A Roque Mazeiras, ídem. A Manuel de Rama, ídem. A Pedro de Hermida, catrocentos reais. A Juan de Lariño, cen reais.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Os clérigos e os bens temporais (III)

Mingucho Campos

Esta achega vén se-la continuación do exposto noutras dúas xa publicadas neste mesmo medio (núm. 63 e 65) nos que se facía referencia a dous documentos notariais, datados respectivamente o 4 de febreiro de 1402 e o 23 de outubro do mesmo ano, que describen as transmisións de propiedades eclesiásticas situadas en freguesías de Outes por parte da Confraría dos Clérigos da Concepción de Santa María a Nova. A dita confraría estaba integrada por clérigos seculares que exercían a súa misión en varias circunscricións parroquiais, pertencentes algunhas delas ó termo municipal de Outes.

Cómpre, xa que logo, facer distinción entre o que se entende por clérigo secular e clérigo regular. O substantivo colectivo clérigo engloba tódalas persoas incluídas no servizo relixioso. Tanto o clero secular coma o regular son dúas pólas fundamentais da organización eclesiástica, porén, con funcións diferenciadas. Os seculares chámanse deste xeito porque vivían e viven no “século” (latín *saeculare*), mundo, ou sexa, entre a sociedade, e desempeñaban as funcións de administración das freguesías (administración dos sacramentos, predicación, guía espiritual dos laicos etc.). Os clérigos regulares vivían en colectividade so unha “regula” (regra) e tiñan como obxectivo último procura-la perfección espiritual, promovendo o culto divino, a salvación das almas, o coidado dos doentes...

Como xa se dixo no n.º 63 de **TERRA DE OUTES**, Martínez Domínguez explica que durante a Idade Media funcionarían dous modelos eclesiásticos diferenciados:

a) O modelo eclesiástico oficial. As normas provenientes dos sínodos reguladoras da vida eclesiástica conformarían uns valores claros e unha concepción eclesiástica e social definida; porén, este modelo funcionaría tan só para garda-las aparencias.

b) O modelo non oficial, máis práctico, sustentado en valores diferentes ós da lexislación oficial, no que vivirían a meirande parte dos eclesiásticos.

O primeiro constituiría un ideal inacadable que viña a xustificar tódolos incumprimentos dos eclesiásticos e, por que non?, a falla de interese da xerarquía por troca-la situación. Ou sexa, que aquela proposta de Bartolomé de Carranza de instaura-lo **“benefium pro officio”** (n.º 65 desta revista) tivo unha moi minguada repercusión. Poderíanse citar autores como Joaquim de Santa Rosa de Viterbo, Barreiro Fernández, Tellechea etc., que abundarían nesta temática. En resumo, o termo beneficio fai máis fincapé no aspecto material que no labor ou oficio que se presta. Obviamente, os eclesiásticos teñen o dereito a vivi-la súa profesión con dignidade e lonxe da miseria. Por outra banda, os eclesiásticos son humanos e, como tales, teñen erros propios da súa condición.

**“Ausculta, o fili, præcepta magistri,
et inclina aurem cordis tui”.**

Escoita, meu fillo, os preceptos do mestre
e aguza o oído do teu corazón.

(Prólogo da Regra de San Bieito)

O IV Concilio de Letrán, concilio universal que tivo lugar no ano 1215, reitera as prohibicións das prácticas sexuais e fai chamadas á castidade dos eclesiásticos: **“(…) No tocante ós costumes e á conduta dos clérigos que todos se esforcen en vivir en continencia e castidade, talmente aqueles que se atopen en ordes sagradas. Que eviten o pecado da sensualidade (…)”**. En termos semellantes pronúnciase o Concilio de Trento (1545 e 1563): **“(…) Se alguén di que non é mellor e máis santo permanecer na virxindade e no celibato que casar, sexa excomungado (…)”**.

Os sínodos galegos recollen abundosa normativa que lles prohibe as relacións sexuais ós eclesiásticos. Concretamente, o sínodo compostelán de 1313 indica nidiamente: **“(…) Quoniam scriptum est, quod nullum opus bonum est sine castitate, que sola cum fiducia potens est Deo animas presentare (…)”**.



Interior da reitoral de Entíns



Panorámica da reitoral da freguesía de Outes

A realidade contradí toda esta normativa e conséctase a existencia de concubinas en mosteiros e igrexas e a presenza de fillos nos propios centros relixiosos. Imponse, pois, partir da realidade de que os bispos, como promotores e impulsores das normas e aqueles que teñen que cumprilas dando exemplo, en non contados casos son os primeiros en transgredilas. Non se debe xeneralizar afirmando que tódolos bispos lexislaban contra o seu propio comportamento na vida cotiá; porén, certamente, en moitos casos era a propia xerarquía eclesiástica a que non asumía como valor a castidade. Velaquí algúns casos moi salientables:

No ano 1318 o papa Xoán XXII critica o deplorable estado da Igrexa castelá porque os bispos tiñan concubinas públicas e os seus fillos herdaban as súas propiedades.

No 1459 o arcebispo Rodrigo de Luna é acusado de practicalo dereito de pernada e por ese motivo é expulsado dos seus dominios e morre en 1460 en estrañas circunstancias. Resulta anecdótico este caso porque do que se lle acusa é de forzar unha muller, mais non de ter relacións sexuais, e se el mesmo chega a exixilo dereito de pernada é precisamente porque a súa vida cotiá tiña que ser moi diferente da lexislada.

O arcebispo sevillano Pedro González de Mendoza tivo tres fillos de dúas mulleres diferentes, Rodrigo, Diego e Xoán. Cómpre salientar que as relacións con estas dúas mulleres non foron algo puntual, senón que gozaron de estabilidade.

Alonso de Fonseca, arcebispo de Santiago, tamén foi outro que non respectou o celibato e tivo varios fillos, e polo menos un deles chegou a arcebispo.

Poderíase face-la relación máis extensa, mais abonda con dicir que cando Isabel de Castela ten acceso á coroa os tres principais e máis importantes dignitarios eclesiásticos con xurisdición territorial dos seus dominios non eran célibes.

Do antedito pode moi ben tirarse a conclusión de que ó resto de eclesiásticos, que tampouco tiñan interiorizado o valor da castidade e, para máis, vían a actitude dos seus superiores, lles resultaba moi difícil e complexo acepta-lo celibato, malia as actas dos sínodos e as resolucións conciliares. Igualmente, pode colixirse que a presenza de concubinas e fillos en mosteiros e igrexas propicia que se enfronten dous modelos diferentes con sistemas de valores distintos e contrapostos: o modelo oficial, co valor da castidade, e o modelo non oficial, que contrapón os valores laico e da familia.

Outra conclusión sería que, no tocante ós bens temporais, ámbolos dous modelos compartían que os beneficios eclesiásticos debían constituí-la base do sustento do clero. No modelo oficial, como beneficio para unha persoa que vivía soa e sen cargas familiares. No modelo non oficial, os clérigos apropiábanse dos beneficios, que pasaban a confundirse coas propiedades particulares e constituían a base do seu propio sustento e o da súa familia, incluídos fillos e demais. Por último, os bispos galegos non salientaron nunca por desenvolve-los valores do modelo oficial e recorta-la autonomía dos clérigos, se cadra porque a eles tampouco lles convíña.



Ruínas da reitoral de Entíns

BAIXAN OS XUROS. Debo alegrarme?

Kiko Vidal

A partir do ano 2022 as autoridades monetarias tomaron a decisión de loitar, con fortes subidas de tipos de xuro, contra a inflación galopante que se empezou a vivir nesas datas. Neste momento parece que estamos vivindo o final da dita etapa, para comezar outra de certa flexibilización da política monetaria, o que equivale a dicir que estamos nun período de baixada de tipos de xuro. De feito, o euríbor (taxa de xuro ó que se prestan cartos os bancos europeos entre si) a prazo de 3 meses sitúase na data 4 de setembro (data na que estou escribindo este artigo) no 3,449 %, cando en decembro de 2023 rodeaba o 4 %. Se miramos o euríbor a prazo de 12 meses, este pasou do 3,532 % a principios de ano a un 3,094 % na data deste escrito. Este recorte dos tipos de xuro en Europa nace da decisión que tomou o Banco Central Europeo en xuño deste ano de rebaixar nun 0,25 % o tipo de xuro oficial. Nos E.U.A. os tipos inclusive están mais altos que en Europa e a Reserva Federal (órgano equivalente ó BCE europeo) aínda non fixo rebaixa de tipos, se ben espérase que o faga en breve. Esta tendencia á baixa e previsible que se siga mantendo tanto en Europa como nos E.U.A., aínda que, ben, como xa sabedes, na economía non hai nada certo. Todo dependerá de como evolucionen a inflación e os indicadores económicos, sen descartar outras variables doutro nivel como poden ser as próximas eleccións nos E.U.A.,

o devir da propia política europea e a evolución dos conflitos bélicos en Ucraína e Oriente Medio.

En condicións “ceteris paribus” a baixada de tipos de xuro ten un efecto positivo na economía e como tal deberíamos darlle a benvinda.

Pero, por que baixan os tipos de xuro?

A decisión de baixar tipos de xuro adóptana as autoridades monetarias por interpretar que cunha inflación en descenso e aproximándose ó obxectivo do 2 %, a economía xa se “arrefriou” o suficiente como para non ser a contención da inflación o obxectivo prioritario. Neste momento o obxectivo prioritario e evitar un estancamento ou, inclusive, a recesión da economía. No pasado, as decisións de política monetaria tendían a ser independentes do pensamento do goberno correspondente; hoxe en día xa non parece que sexa así. Os gobernos queren ter influencia na política monetaria e sobrados exemplos temos ó respecto. Lembremos as fortes críticas do expresidente Trump nos E.U.A. contra o presidente da Reserva Federal por subir tipos, a presión do Goberno turco sobre o banco central de Turquía que fixo caer fortemente a lira turca ou o recente nomeamento por parte do presidente Sánchez dun ministro seu para presidir o Banco de España.

Evolución del euríbor en España



FUENTE: Banco de España | GRÁFICO: Henar de Pedro

20minutos

Pero, como nos afecta esta baixada de xuros?

1.- O máis evidente é que o que estea endebedado a tipo variable, tanto empresas como particulares, vai ter que pagar menos polo dito endebedamento e, polo tanto, se liberará renda para poder dedicala a outra cousa, investimento ou consumo, e isto debe impulsar o crecemento económico. De todos modos, nestes últimos anos houbo unha tendencia de pasar o endebedamento de tipo variable a tipo fixo; de feito, cerca do 65% das hipotecas están neste momento a tipo fixo e, polo tanto, eses casos non xerarán incremento de renda dispoñible. Polo tanto, o efecto que sobre o crecemento económico vai traer este incremento de renda dispoñible vai ser menor que o que estamos acostumados de épocas pasadas, cando a maioría das hipotecas eran a tipo variable.


2.- A baixada de xuros fai, iso si, que se emprendan certos proxectos de investimento que estaban parados debido ó alto custo dos recursos económicos e, polo tanto, pode ser unha panca importante que tire da demanda e, conseguintemente, do crecemento económico.

E que pasa para os que teñan aforros tradicionais?

Moitos non van notar cambios, pois, como xa teño comentado noutros artigos, a escasa cultura financeira da nosa poboación fai que unha parte importante deses aforros estean depositados nos grandes bancos españois a tipos de xuro nulos ou case que nulos. Non obstante, hai unha parte da poboación que pode notar unha rebaixa nas ofertas de tipos de xuro para os seus aforros. De todos modos, non se están notando rebaixas tan acusadas como as que se dan no euríbor e, de feito, está habendo entidades que inclusive están incrementando a remuneración dos seus depósitos e das súas contas remuneradas. Sirvan dous exemplos; na data deste artigo (06-09-2024), un banco estatal que cotiza na bolsa (non quero dicir o nome por non facer publicidade gratuíta pero direi que non é dos máis grandes) eleva ata o 3,25 % a remuneración da súa conta dixital para saldos de máis de 50 mil euros, cando ata agora pagaba un 1,50 %, e hai uns días outro banco estatal (este si un pequeno que non cotiza na bolsa) subía ó 3,20 % o xuro do seu depósito a 12 meses, cando antes estaba ó 2,60 %. Quero dicir con isto que a baixada do euríbor non necesariamente ten un efecto inmediato na remuneración real dos nosos aforros, iso sempre e cando esteamos atentos a diferentes ofertas que



aparecen no mercado e principalmente para xente que non teña inconvenientes en operar vía Internet. En calquera caso, nun contexto de previsibles caídas de xuros debemos valorar con máis atención ofertas de depósitos a prazos máis longos, de 2 ou 3 anos, pois iso aseguráranos unha rendibilidade que pode superar a que obteñamos se operamos con depósitos a prazos inferiores, sempre que, claro está, se confirme a caída de xuros.



E como van evolucionar os fondos de investimento e os plans de pensións?

Aquí é difícil pronunciarse; é certo que podemos esperar certas cousas, pero na economía non hai nada certo. Ademais, existen tanto tipos de fondos que o que pode ser bo para algúns tipos pode ser malo para outros.

Xa teño falado noutros artigos de que os fondos poden clasificarse en moitas categorías. Unha das máis utilizadas é a que divide os fondos en 3 categorías: monetarios, renda fixa e renda variable. A lóxica sería que os monetarios baixasen, pois, basicamente, invisten en instrumentos monetarios a curto prazo que van ver minguada a súa rendibilidade. Os de renda fixa deberían subir, pois evolucionan inversamente ós tipos de xuros ó manteren nas súas carteiras emisións de débeda a longo e medio prazo con rendibilidades superiores ás que se contratarán de caer os tipos. Máis dúbidas presenta a renda variable, pois, aínda que a caída de xuros ten un efecto positivo nas contas de resultados da maioría de empresas, a renda variable reacciona con moita antelación ós feitos e, polo tanto, ten descontado o que cre que vai pasar con varios meses de antelación. Este ano a bolsa tivo unha evolución moi favorable desde principios de ano ata mediado o verán, pois intuía a baixada de tipos que se produciu. Agora ben, desde hai unha temporeira a evolución non é positiva, o que fai pensar que os investidores non parecen estar moi convencidos de que esa baixada de xuros se vaia consolidar, nin menos acelerar. Pero, repito, a evolución económica depende de tantas variables que é imposible predicir con certeza o que vai pasar; polo tanto, o único consello que podo dar para os que invistan en fondos é que diversifiquen o máximo posible.

Veciños discretos de Outes (VIII)

Tempo de quitamerendas

Emilio del Río

As quitamerendas (*Merendera pyrenaica* ou *Merendera bulbocodium*) (figura 1) son das veciñas máis discretas e humildes de Outes. De feito, fanse só evidentes durante setembro, aínda que poidan oscilar dende agosto a outubro, xa coincidindo co encollemento dos días, o cal, co ritmo propio dos traballos do campo, facía que se cease máis cedo e se suprimise a merenda como unha comida máis do día. Por iso, de forma tradicional, en Galicia, o nome máis xenuíno, e que aínda se mantén en amplas áreas de Ourense e Lugo, é o de “tollemerendas”, que arrinca directamente do latín e lles lembrará aos máis vellos a vella liturxia preconiliar en latín na cal o año de Deus era invocado como “Agnus Dei qui tollis peccata mundi”: “Año de Deus, que quita-lo pecado do mundo”... Tamén da mesma raíz vén “tolleito” ou aleixado. A Real Academia Galega acepta na norma estándar ambas as denominacións, tanto “quitamerendas” coma “tollemerendas”.



Figura 1: Flor de quitamerendas ou tollemerendas (*Merendera pyrenaica*), caracteristicamente agromando a rente do chan entre as herbas secas do verán e reverdecidas polas primeiras choivas do outono. Teñen 6 pétalos (raramente 7) de cor variada entre branco rosado, azul e púrpura. Baixo delas, na terra, de 2 a 4 centímetros de profundidade, hai unha pequena cebola da cal nace a flor. As follas aparecen, curiosamente, despois, no inverno e primavera, e xa murcharon cando a flor asoma.

En Outes podemos ver esta bonita e delicada flor durante unhas poucas semanas a rente do chan dende a beiramar até os cumios do concello, como sucede nestas semanas pasadas nos outeiros do monte da Pena (figura 2). Normalmente, aparecen como flores solitarias de longas pétalos púrpuras, rosas e brancas que facilmente pisamos de non ollarmos para o chan. Excepcionalmente, poden verse agrupadas formando pequenos feixes (figura 3).




Figura 2: Montes da Pena, no Outes interior. Nos pasteiros, entre touzas e toxearas, agroman as quitamerendas nestas datas de setembro e outubro. Poden verse, non obstante, dende o nivel do chan até estes outeiros e penedías, sempre en áreas descubertas de dosel arbóreo.

É importante salientar que as quitamerendas propias non teñen nada que ver, realmente, cos “crocus”, máis que unha elemental semellanza, máis aló de que nacen todos eles na transición do verán ao primeiro outono. Deste último xénero forma parte a flor do azafrán (*Crocus sativus*). O termo “crocus” provén do grego e significa, precisamente, azafrán, palabra esta última de orixe árabe. Pola súa parte, o termo “sativus”, que nomea a especie, quere dicir, precisamente, “cultivado”. Dos tres estigmas secos do pistilo é do que se obteñen as febras do auténtico, prezado e carísimo azafrán. A especie silvestre máis común en Galicia é o *Crocus serotinus* (figura 4), que engade o termo “serotinus” do que vén “serodio” ou tardío, igual que o trigo ou o millo serodio ou de tarde, precisamente pola súa floración a finais do verán e principios do outono. O *Crocus serotinus* coñécese como azafrán bravo, sasafrán ou alcroque (derivado do propio nome de “crocus”). Con todo, de forma xenérica, a todos eles, tanto *Merendera* como *Crocus*, se lles denomina en Galicia “quitamerendas” ou

“tollemerendas”, pero só os primeiros o son *sensu stricto*, e por iso levan o nome científico de *Merendera*. Para decatármonos das diferenzas, chega unha aproximación elemental: as propias *Merendera* teñen as flores ao nivel do chan, sen apenas elevación, con pétalas rosadas ou encarnadas, mentres que a flor dos alcroques é lixeiramente máis alta, abríndose lixeiramente sobre un estilizado pescozo de 5 a 8 centímetros, ten forma de maza antes de abrir e de cáliz ou copa posteriormente e as súas pétalas son máis curtas, anchas e de cor azulada.



Figura 3: Aínda que as quitamerendas poden aparecer próximas, é raro observar agrupamentos facendo pequenos feixes ou máis dunha flor por bulbo, coma neste caso, en que teñen unha cor máis rosada do habitual.

Tamén é interesante comentar que un parente máis afastado das quitamerendas e dos “crocus” é o cólquico (*Colchicum autumnale*), cos que comparte a súa floración a principios do outono, como indica a súa denominación linneana. Do bulbo deste último obtense unha medicación, coñecida desde antigo, denominada “colquicina”, que aínda hoxe se utiliza, moi especialmente, para tratar as dores da gota pola acumulación de ácido úrico nos artellos.

O feito de que estas especies vexetais florezan no outono cando a gran maioría de plantas o fan na primavera, para aproveitar a época de bonanza estival, é toda unha incógnita. Pero o certo é que non é un caso único. Outras especies, de xardín ou naturais, como os nardos, tamén son de floración serodia e, aínda máis, os crisantemos, cuxa floración tan tardía fai que se coñezan como flores de defuntos, xa que se abren, mesmo, en novembro. No caso de especies moi temperás, como os amarellas e, en concreto, o *Narcissus cyclamineus*, especie fermosísima de amarelle exclusiva de Galicia, do cal xa falamos nesta serie de “Veciños discretos de Outes”, que probablemente evolucionou para completar o seu ciclo vital antes de que as caducifolias do bosque de ribeira cubran e asombren o dosel das beiras dos ríos e prados próximos, dificultando o acceso a un

ben tan prezado como a luz solar. Pensar que as quitamerendas poden buscar unha aproximación semellante na outra parte do ano, co sol decrecendo, non parece moi atinado, xa que a maioría das *Merendera* e dos *Crocus* agroman en prados e áreas abertas, sen dosel arbóreo.

Resulta tamén rechamante a sincronización inversa coas follas, que son acintadas ou lanceoladas e nacen tamén a rente do chan, pero no tempo oposto ás flores, despois de que estas murchan, e están visibles facendo a súa función clorofílica gran parte do outono, inverno e primavera. Tamén ten como curiosidade que, aínda que nacen en pasteiros, os herbívoros nunca comen as flores nin, menos aínda, as follas, porque teñen unha cantidade importante de alcaloides que son moi venenosos e, mesmo, mortais. Teñen unha pequena cebola de 1 centímetro de diámetro, soterrada de 2 a 4 cm por debaixo do chan, tamén moi rica en tóxicos.

En calquera caso, o mesmo ánimo cíclico que marca o ritmo do tempo, os ciclos do ano, a colleita, a vendima, a castañeira, a melancolía que trasladan ao espírito, nesas outonos galegos de cores pardas e amarelas, de brétemas e choivas mainas, o rosa das tollemerendas vén pór unha alfombra de saudade e morriña anunciadora do inverno, tras do cal, á súa vez, novas flores anunciarán a primavera e a volta da forza da vida.




Figura 4: Flores de *Crocus serotinus*, coñecidos tamén popularmente como quitamerendas, pero dun xénero e unhas características distintas das auténticas *Merendera*. Aquelas dispóense sobre un pequeno talo floral, a modo de cáliz, teñen as pétalas máis anchas, curtas e menos abertas.

Entrevista a...

Manuela Campos

Chámome Manuela Campos Agrafojo e nacín no lugar de Berres a véspera de San Fermín do 1964. Son a filla máis nova de Manolo de Berres e de Lola do Cuco, de Ribasdemar. Meu pai foi emigrante en Francia e albanel; miña nai, como a gran maioría das mulleres naquela época, dedicábase a “Sus labores”, algo que eu non entendía, porque me dicían que iso era facer os traballos da casa, e miña nai traballaba aínda máis nas leiras que na casa. Contando só cos estudos básicos, meus pais, sobre todo el, entenderon que a educación era tan importante nun home como nunha muller e fixeron por darnos estudos ás tres fillas. Curiosamente, cando moitas mulleres aínda non traballaban fóra da casa procuraron, e conseguiron, que gañásemos a vida por nós mesmas. Hei de dicir que para iso antes tiveron que traballar moito no campo. Cando non había escola, e mesmo se era necesario faltar un día, tocaba traballar nas leiras. Xa desde ben pequena axudei tanto a sachar, como a apañar herba coa gadaña, ir ao batume ou sacar esterco. Para min non é vergoña dicir que tiveron que traballar a terra, ao contrario, é un orgullo. Creo que me axudou a entender o valor do esforzo e facerme máis traballadora. Hai un par de días unha muller preguntoume se sabía o que era o cadullo; fíxome graza a pregunta porque por un lado pensan que por ser profesora sei todo, mesmo cousas das que nin teño idea, e por outro lado cren que

hai cousas que non vivín, como sachar nun cadullo. Había compañeiras que se sorprendían dos meus coñecementos de santoral: santa Isabel, o Carme, santo Antonio..., e todo era por cuestións dos labores do campo; dependendo de que santo ou santa fose, podías traballar a terra e prender as vacas. Benditos santos e santas que impedían levar a cabo eses labores. O que me daba rabia era cando non podías prender e si andar coa terra, como era o día de santa Mariña. Tiñan máis privilexios as vacas que as persoas.

Aprendín a ler e escribir na escola en Lantarou, a onde iamos a rapazada de Berres, Lantarou e Sande; unha soa profesora para 48 rapaces e rapazas de diferentes idades. Era o tempo de “a letra con sangue entra”. Iso foi ata 4.º de primaria, porque despois xa comezamos todos no colexio da Serra. Foi un descubrimento encontrarte con rapaces e rapazas doutras aldeas, que sendo do mesmo concello non viras nunca. Para ir ao colexio xa dispoñíamos de autobús: sentados 3 por cada dous asentos e mesmo algún quedaba de pé. Que pena ver agora os autobuses case baleiros! O que nos levaba a nós collía desde San Lourenzo ata Berres. Ao principio os de Boel tiñan que ir a andar. Aos de Berres non nos correspondía servizo de comedor; viña o autobús traernos para comer. Un día veu tan mal tempo que o colexio estaba asolagado e tivemos que comer alí. Comemos lentellas; a primeira vez que as probei. O alumnado que tiña que comer no comedor queixábase de que a comida non sabía ben, pero a min aquelas lentellas soubéronme á gloria. Como lamentaba non poder comer alí! Hai cincuenta anos, que para comer che desen un primeiro, un segundo e sobremesa todos os días era moita sorte!!



Con familiares e profesorado do IES Poeta Añón durante a inauguración da exposición Outear no Museo do Pobo Galego



Con Domingo Villar na visita do escritor ao IES Poeta Añón

Ao rematar no colexio seguín os estudos no Virxe do Mar. Nunha ocasión un compañeiro preguntoume como me dera por seguir estudos. Pilloume por sorpresa esa pregunta, porque o certo era que eu nunca me cuestionara outra posibilidade. Como miñas irmás xa fixeran antes estudos, eu entendía que todo o mundo, ao rematar 8.º de EXB, facía 1.º de Bacharelato; para min non había outra opción.

Estudei tamén Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa, aínda que á hora de traballar inclineime pola especialidade de galego-portugués, pola lingua materna e que tiveron prohibido usar na escola os primeiros anos. Souben da existencia dunha literatura en lingua galega en 7.º de EXB, da man de don Manuel Otero Novio, que nos leu *Memorias dun neno labrego* e *Os dous de sempre*. Fora toda unha sorpresa saber que había libros escritos na lingua que falaba. A carreira remateina en moi bo momento, de feito tan pronto acabei xa empecei a traballar facendo substitucións e de aí, interinidade e aprobar oposicións. Sempre lle desexaba ao meu alumnado a sorte que tiveron eu. Traballei 36 anos, case repartidos en dous centros porque, aínda que o meu destino definitivo foi en Cee onde estiven 2 cursos, no Fontexería de Muros estiven 11 anos e no Poeta Añón, 18. Nunca estivera na miña mente desempeñar cargo directivo, pero por petición de compañeiros, vinme ocupando a xefatura de estudos; se eles confiaban en min para ese cargo, eu debía corresponderlles con esa confianza. Tanto en Muros como en Outes empecei como xefa de estudos de adultos e logo xa de diúrno. Foi unha decisión arriscada coller a xefatura de estudos no Poeta Añón, porque foi no curso 2020, cando estabamos con moitas medidas de seguridade pola COVID e había unha grande incerteza de como podían ir as cousas; por sorte, a situación foi desenvolvéndose sen grandes complicacións tanto no ámbito de epidemia como academicamente. Desempeñar un cargo directivo dáche unha visión diferente do labor docente. Para min foi unha actividade moi enriquecedora. Tocoume acompañar na dirección persoas cun gran sentido do traballo, da legalidade e do esforzo. Por outro lado, traballar con xente adulta é un mundo diferente: outros intereses, outros coñecementos. O peor era o horario. Son persoa diúrna de madrugar e ir para o instituto ás 19:30 h en inverno non apetecía. E no verán, cando comezaba a ser día, menos aínda! Viñas de traballar ás 23:00 h, cando xa moitos estaban durmindo. O horario non me gustaba nada, pero

consideraba que co meu labor axudaba a xente a poder sacar un título que lle podía abrir unha porta ao futuro e iso era motivo suficiente para continuar.

Entendo que a docencia non empeza e remata nas aulas, por iso sempre me gustou acompañar nas viaxes extraescolares, aínda que ás veces, polo comportamento dalgún, me arrepentía de ter ido. Pero non aprendía: se era necesario acompañar, alá ía. Como anécdotas, direi que nunha saída a París fomos 56 persoas nun autobús; un dos profes tiña que ir no asento do segundo condutor, que non había tal. Como sardiñas nunha lata. Nun dos hotéis case nos poñen fóra porque dicían que facían moito ruído. Había anos que non escoitara a palabra "bruit" pero ao momento souben a que se referían. Menos mal que entraron en razón tanto o alumnado como a seguridade do hotel e puidemos quedar alí toda a noite. Noutra ocasión, en Praga, parte do alumnado baixou sen billetes á estación de metro e cachounos a policía. Houbo que xuntar cartiños para pagar a multa. Nesa saída un alumno levou para gastos da viaxe 500 €, nun único billete que a maioría nunca vira. Gastou 450 € nunha espada que case nos dá problemas traer no avión. Ao pouco de comprar a espada, roubáronlle a carteira. Sorte que non tiña nin cartos nin documentación.

Cando fun a encargada de Dinamización Lingüística no Poeta Añón cadrou a convocatoria do XII Proxecto Didáctico Antonio Fraguas. Presentamos o proxecto Outear, que saíu gañador. Supuxo un ano de traballo, con máis de 30 entrevistas a persoas maiores de distintos puntos do concello que falaban de como era a vida antes na nosa localidade. O resultado foi o libro *Outear*, que recolle esas entrevistas e que tivo moi boa acollida. Para min foi unha satisfacción entrevistarme con aquela xente que me abriu as súas portas para contarme as súas experiencias. Dado que para a presentación final do proxecto era obrigatorio facer unha exposición no Museo do Pobo Galego, ademais de obxectos antigos, recolléronse centos de fotos que foron expostas en paneis agrupadas polas temáticas tratadas nas entrevistas. Tamén como encargada de Dinamización Lingüística, gañamos o "I Concurso de guións contra a violencia de xénero" da Deputación da Coruña por "*Convidados de pedra*". O premio supuxo a gravación dunha curta na que participou tanto persoal do centro como familias e serviunos para ver como é o proceso de gravación e montaxe dunha pequena película. A curta foi proxectada no teatro Colón da Coruña o día contra a violencia de xénero e figurou o nome do centro e do concello. Toda unha honra!

Nestes anos de docencia fun consciente dos cambios que se foron dando na sociedade; sen ir máis lonxe, lembro cando, sendo nena, miña avoa me recriminou porque lle chamei "Manolo" a un mozo da miña aldea (estoume referindo a Manuel Abelleira, entrevistado na revista *Terra de Outes* n.º 30 de abril-xuño de 2015); segundo me corrixiu, debía chamalo don Manolo, porque era mestre; miña avoa, que era vella, trataba de *don* aquel mozo que era un veciño! Cando empecei non había libro de texto para a materia e tiña que elaborar eu o material; escribía no encerado cun xiz que me deu algo de alerxia e o médico recomendoume usar luvas, algo ao que me neguei. Dentro de nada, o alumnado xa non sabe para que é un xiz.

Quero agradecer a Terra de Outes todo o labor sociocultural que fai, entre el esta revista que dá a coñecer a historia e a actualidade do concello e agradecer tamén que, agora que dou os primeiros pasos na vida de xubilada, considerasen que as memorias desta mestra labrega sexan merecedoras de ser recollidas aquí. Espero que fosen do interese dos lectores e lectoras.

Como chegou a Torre de Hércules a Assassin's Creed?

Henrique Álvarez

A medio camiño entre Tobruk e Bengasi, Marsa Susa mira o Mediterráneo entre as ruínas da que foi cidade grega e despois romana de Apolonia. No seu peirao amarran apenas medio cento de pequenas lanchas de pesca ou recreo. Do que foi importante porto comercial e cidade balnearia, non quedan senón ruínas. Das instalacións portuarias romanas, só se conserva a base da bocana do porto interior e a do faro, ambas como senllos illotes a uns 300 metros da beiramar, e a lembranza. A única edificación de envergadura da vila é un hotel de sete plantas, o Al Manara: O Faro.


É este faro que homenaxea o nome do hotel o que os creadores de Assassin's Creed Origins utilizan como unha das atalaias de desprazamento rápido, e que loce orgulloso a figura da Torre de Hércules, practicamente ata o último detalle. Origins é a décima

entrega da saga de aventura en mundo aberto que se vai desenvolvendo en diversas épocas históricas, neste caso, no Exipto da segunda metade do século I antes da era común. Por que un xogo en xeral tan ben documentado, a pesar das lóxicas licenzas narrativas e de espazo, utiliza a imaxe do faro galego? A resposta quizais estea en que case toda a información rapidamente dispoñible sobre faros romanos remite a el. O faro por antonomasia do mundo clásico era o de Alexandria, unha das Sete Marabillas do mundo antigo, edificación que tamén aparece no xogo, mais para a que a convención sobre o seu deseño está sobradamente aceptada. A forma, en cambio, do faro de Apolonia de Cirene tiveron que establecela a partir da documentación dispoñible, que non é moita. A opción máis lóxica era recorrer a un exemplo coñecido.



Aí está o “faro romano máis antigo do mundo”, así que por que non utilízalo como modelo ou simplemente reproducilo. Ademais, o Faro que daba nome á cidade da Coruña na Alta Idade Media ten fama merecida, ou promovida, porque, cando se xestaba, fraguaba e desenvolvía o mito xacobeo, a Torre de Hércules adquiría o papel de fito xeográfico e espiritual, marcando o límite da peregrinación e a un tempo o do antigo Imperio Romano, sinal no mapa a carón do destino dos peregrinos, como o de Alexandria o era dos palmeiros e a basílica de San Pedro dos romeiros. No mapa do Beatus de Osma, que debuxa cadanseu apóstolo na súa suposta área de predicación, aparece o Faro galego do mesmo tamaño que o de Alexandria, e a catedral de Compostela ostensiblemente máis grande que a basílica romana, o que convida á peregrinación espiritual, impulsando paralelamente a interesante, tanto económica como politicamente, peregrinación física. Este mapa non é un caso único, senón apenas unha parte máis dunha grande operación de márketing. Por exemplo, o mapamundi mural de mediados do século XII de San Pedro de Rocas representa a grande escala o mesmo tema.

Con toda esa promoción histórica, non pode estrañar que Origins escolla como modelo o Faro coruñés, aínda que sexa sen espilo da súa última actualización, a reconstrución completa en estilo neoclásico que coordinou o enxeñeiro militar estremeño Eustaquio Giannini a finais do século XVIII.



A chave da morte

Eloy Hervella

Esta noite en que estou só, como tantas outras... fermosamente só..., teño a seguridade de que vou morrer neste mesmo día (ou, mellor, de que xa estou case morto agora).

Entón preguntome que debo facer nos últimos instantes que me quedan. Sen dúbida, digo, teño que reconciliarme coa vida. É dicir, falar con aqueles que coñezo, contar o que me pasa e lembrar o que compartimos.

As miñas parellas doutros tempos, os meus pais, os meus irmáns, os meus amigos, os meus compañeiros de traballo e de estudos...

Agora lembro con todo detalle e claridade o que pasou entre eu

e mais cada un deles. Por iso estou só. Gustosamente só. Nunca trato de achegarme a eles. Non me sinto mal por todo o mal que fixen, nin ben polo ben que de min tamén xurdiu .

Aí está a chave da morte. Con seguridade estou morto, levo anos e máis anos morto. Porque a chave da morte atópase en sentirse desapegado dos demais sen que importe nada.

Espertei abraiado, quizais iluminado.



Panopticon? Yes, please!

Jorge Sacido Romero

“Seguro que chego e a lavadora sen colgar, coma decote. Nin o mínimo fai!” –barruntaba irritada Cintia ao saír do traballo cun maletín pendurado dun ombro e un grosa ficheiro no brazo coa idea de facer horas extras na casa. Ocupaba un posto intermedio nun banco: moita responsabilidade, pouco poder, ningún recoñecemento. O seu marido non traballaba. Era o exemplo do eterno opositor á xudicatura. Levaba cinco intentos frustrados e pasaba o día encerrado cantando o temario. Tal teima tiña a orixe na presión de súa nai, que se quería gabar de ter un fillo xuíz. Tamén Cintia cedera aos desexos do seu pai e estudara ADE en lugar do que lle apaixonaba, a filoloxía clásica. Non tiña tempo ningún para o gozo incomparábel de se mergullar nos textos latinos e gregos. Nos anos que levaba de casada, Salustio e Heródoto, Séneca e Platón, Catulo e Safo quedaran abandonados nun recuncho escuro mentres ela tiña que revisar balances e baremos, pasar o ferro e deixar o xantar preparado para o día seguinte. Ela tiña cada vez menos enerxía e a súa vida menos sentido.

Vivían nunha casa illada a que se chegaba por unha estrada estreita rodeada de bosque. Tiñan unha hipoteca que ultimamente dobrara o seu custo mensual e dous fillos pequenos, un neno e unha nena, aos cales ela levaba cedo á escola e recollía pola tarde para iren a actividades extraescolares. Ese día, antes de coller o coche para volver para a casa, debería pasar por unha tenda desas que abre todo o día para ver de mercar unhas zapatillas de ballet para a nena e o cinto verde de judo para o rapaz. Pedíranllo os nenos sen previo aviso, aquela mesma mañá, xusto ao saltaren do coche para entrar no colexio. Pero antes tiña que recoller algo moi especial: unha escopeta. Houbera dous roubos na zona nas últimas semanas e unha arma faríaos sentir máis protexidos na casa. Foi ela a que sacou a licenza e ela a que encargou a escopeta na armaría que había preto do seu banco e que estaba a piques de pechar. Ao cruzar a praza, viu como un condutor despistado viña cara a ela co seu coche. Tivo que pinchar á beirarrúa deixando caer o ficheiro, que se abriu, ciscando os documentos polo chan. Recolleu os que puido mais algúns voaban erráticos e caprichosos para se ir pousar nos teitos dos coches ou nos tellados das casa máis baixas. “Agora certamente vou ter un problema no traballo. Vanme botar á rúa”. Entrou tan alporizada na armaría que o dono dubidou se lle entregar a escopeta. “Atópase ben, señora?”, preguntoulle. “Si, si”, dixo reprimindo un berro de frustración inmensa. Abandonou a tenda collendo a bolsa na que ía a arma coa man que lle quedaba libre. No medio do corredor penumbroso, flanqueada polos escaparates da armaría, comezou a chorar e pensou en usar a escopeta para acabar alí mesmo coa súa vida. Non obstante, do mesmo xeito que un raio alumea un segundo o ceo da noite máis escura, Cintia viu claro na súa atormentada cabeza o que tiña que facer para atopar unha saída; vida en lugar de morte. Foi á porta do banco, cargou a escopeta con dous cartuchos, arrebolou o resto das cousas ao chan, pegou un tiro e berrou: “Quietos todos! Isto é un atraco!”. Un señor agarraba o peito mentres a muller o axudaba a sentar, un home de mediana idade púxose diante dos seus fillos para protexelos e os gardas de seguridade facían o xesto de levaren a man á arma que lles penduraba do cinto. Nerviosa, Cintia pegou outro tiro e foi entón que os gardas se botaron riba dela e a detiveron.

A xuíza que a condenou a cinco anos na cadea non comprendía por que Cintia sorriu ao escoitar a sentenza. Cinco anos sen ter que pasar o ferro, limpar o po, informar operacións crediticias, aguantar os de arriba; cinco anos sen ter que se preocupar por nada, tres comidas ao día, cama onde durmir, paseos polo patio, conversas con adultas; cinco anos: catro para o grao e un para o mestrado en Filoloxía Clásica. O seu marido tería que vender a casa e ir vivir á da súa nai cos nenos. Mirou para as cámaras de seguridade do corredor e sorriu como se mirase unha cara amiga. “Teñen todo baixo control”, pensou. Entrou na súa cela, sentou na pequena mesa na que había algúns libros. Abriu un e comezou a ler: “Marius ad Zamam pervenit...”. O seu era o doce rostro da ledicia. *Beatitudo intellectuallis*



Autoría da imaxe: Leo Reynolds



Non me molestes, mosquito!!... Hoxe, prato único!!

Neste concello onde nunca pasa nada, que pasa máis do que un pensa, o día que pasa, segue sen pasar nada pois as autoridades locais, coa súa incompetencia, non teñen nin o mínimo de consideración e amor propio necesario para verse na situación da vítima, pois a resultante segue sendo un fallo técnico, de fábrica, non naceron con el, insípidos de sentimentos, caso único na bisbarra, de seguro que si, case de estudo, patético, todo na nosa opinión...

Que reciban unha chamada de auxilio e que a resposta sexa... singular, non é cousa nosa... é de vulgado de garda, pasmóns, de uniforme e pistola, de estalos, que non valen para nada; iso si, para cobrar o soldo e pouco máis... que vos chaman para unha posible emerxencia e o único que se vos ocorre responder é que "non é cousa nosa"... patéticos!!... vítimas...

Nas pasadas festas tamén houbo desidia das autoridades, pois estarían durmindo, en horizontal... mais quen sabe... hhh, pois uns rapaces ás tantas colgados da mesma estatua de Añón, e aquí non pasa nada; mellor... segue sen pasar nada; moitos mandos e pouco... resultado... mais xa vén resultando normal; hai que ir adaptándose ós cambios... parece ser, pois o desgobierno persiste.

Mais, un, poñéndose "tiquismique", volvendo ó principio... se o agredido fose un familiar directo ou achegado, respondería coa mesma convicción e parvada implícita e insignificante ou ponderaríase con outro aire... hh; en fin, patético!!!! Moitas veces, o único que terían que facer é poñerlles un rostro, unha cara familiar ás vítimas... e xa veríamos como reaccionarían... de seguro que doutra forma, pois cando toca a fibra, familia, amigos, a perspectiva cambia radicalmente... é así... somos humanos, mais se temos a mala sorte de toparmos con xentía uniformada e baldeira, entes patéticos e amorfos, de perfil baixo, como nesta ocasión... que fácil e contestar, "non é cousa nosa"!!... de impresentables para arriba... deixémolo aquí!!

O cidadán volve queixarse da situación espléndida do tanatorio no medio da poboación, como se non houberse máis sitio onde poñelo, así como da "humanización" da praza do Concello, toda unha loa ó formigón ademais de quedar sen aparcadoiro, que viña ben á hora de facermos xestións no edificio grande, a farmacia etc. En fin, un paso adiante e dous atrás.

Mais a xente segue insistindo en que non hai control ningún, as cunetas ateigadas de herbas, as cotas para actividades multiplicaron o seu custo; en fin, como se comenta, e tres alcaldes... para que?? Caótico!!

Lusco e Fusco

Carta ao director:

Fran-Ko

Xa hai tempo que non leo nesta revista (que, por certo, sigo con asiduidade cada número novo que se pon á disposición da xente; xa pode gustar ou non, pero está aí para quen desexe lela) algunha carta ao director, sempre moi atinadas e oportunas. Ante esa carencia decidín enviar a miña breve reflexión e, se ledes isto, pareceulle ben editala.

Nesta oportunidade quería deixar claro a repulsa de moita xente, cidadáns do concello, en contra da humanización da praza do Concello ou dos Olmos, tamén así coñecida. Parécenos unha oda ao formigón armado que mesmo fai mal á vista. Unha figura acaracolada, en rampla sen moito sentido práctico, e ademais deixando ese espazo sen aparcadoiro. Que si, collen media ducia de coches aparcados para facer pequenas xestións, xa sexa no propio edificio do Concello como para ir a un banco ou á farmacia.

A mesma xente que di que lle parece un disparate tamén di que cun camión de saburra, deixando o chan ben aplanado para evitar as fochancas no inverno, sería suficiente... pero a humanización ten un custo... Un custo en formigón.

ASÍ NON ...



Puro vandalismo e non pasa nada!!

ASÍ TAMPOUCO ...



Só a ancoraxe no muro da entrada da ponte é o que aínda sustenta este poste de Telefónica na Ponte Nafonso.

NIN DE BROMA ...



Segue pasando e non pasa nadiña... Na sesta?

“AS RECEITAS DE TÍA JU “

CANAS DE NATA CON CHOCOLATE

Ingredientes:

Para a masa de follado:

- 500 g de foriña
- 2 vasos de agua (2,5 dl)
- 1 culleriña de sal, 400 g de manteiga
- aceite de xirasol

Para o recheo:

- 500 g de nata
- 250 g de chocolate fondant
- 2,5 dl de leite

Elaboración:

Para face-lo follado, mesturarémo-la foriña coa agua e o sal, amasando ben ata quedar cunha masa uniforme. De seguido, estendémola cun rolete e sumámoslle a manteiga cortada en anacos e cubrímosla coa masa.

Volvemos estírala coa axuda do rolete, damos unha volta simple e unha dobre, unha simple e unha dobre.

Deixaremos repousa-la masa sobre uns 20 minutos e despois estíramo-la masa outra vez co rolete e cortamos tiras de máis ou menos 2 cm de ancho por 10 cm de longo.

Para enrola-las tiras botaremos man duns cilindros de aceiro inoxidable cos que enrolaremos cada tira para fritilas no aceite ben quente. Despois de fritas hai que poñelas a escorrer e, xa frías, sacalas dos cilindros.

O último paso sería reenchér coa nata. Tamén derrete-lo chocolate co leite e, unha vez quentes, verter sobre as canas. Toda unha delicia.



Julia Seijo

A MENSAXE DUN TRASNO PARA A HUMANIDADE

(EL MENSAJE DE UN DUENDE PARA LA HUMANIDAD)

Estrella Camino

73 páxinas

É un libriño de apenas 73 páxinas, escrito en castelán (mais isto neste caso sería o de menos), que frutificou durante a pandemia, e a súa autora, Estrella Camino, é novel nisto de escribir, mais a mensaxe que dá e que quere transmitirmos ós demais seres humanos queda reflectida nitidamente e sen lugar para equívocos. Fan moita falta este tipo de mensaxes, cheas de esperanza. No fondo recórdanos que hai que levarse ben, paz e amor, e pouco mais. O resto é engadido innecesario para vivir unha vida. Bota man da imaxinación na cabeceira da nena Manuela e as súas divagacións no bosque. Inventiva esta que leva enfiando a historia e a mensaxe dunha forma lineal e concisa, chea de boas intencións. Dalgunha forma recordoume *O Principiño*, pois teñen moito en común.

J.M.V.Luhía-Especht



Natureza humana

Xastre

Unha vez máis intentamos debullar o latexo da nosa Galicia, a verdadeiramente labrega, imaxinando unha paisaxe duramente traballada, a base de moitos esforzos e precariedade da época. Unha ollada ás nosas leiras, á terra remexida, volteada, oxixenada coa esperanza dos froitos tan necesitados para o sustento familiar, mais sempre pendentes do ceo cambiante, do sol, do vento, da chuva...

Como elementos fuxitivos, aparecen as néboas, dando lugar a paisaxes psicóticas, como de negación, dunha tristura que vai absorbendo distintas formas imaxinarias de pensamento, na paisaxe da noite, falta de sentimentos. Mais, a pesar de todo, o paisano desenvólvese coa súa personalidade, individual ou colectiva, dunha forma coherente e independente moi facilmente; a tradición cultural leva un paso por diante en xeral, xa sexa cultural, emocional ou pragmáticamente loitadora... somos así!!

O concepto da xente, do mundo, esa condición estético-cultural que nos persegue, resulta un viveiro de coñecemento co cal lucirse producindo ás veces música, dúbidas ou devocións varias.

Coa mesma quedan reflectidos instantes de vagar, tras un traballo rudo e custoso, liberador de indulxencias merecidas ou non... quen o sabe!!

Despois de todo, o sentimento relixioso faise notar cunha simple ollada, coma un intre dramático, polémico, mais coa dignidade propia da natureza humana.



Sarreaus - Baños de Molgas

X.M.V.Luhía-Especht

Este ano saímos dende a comarca da Limia, máis en concreto dende o lugar de Sarreaus, concello este co mesmo nome de apenas mil e pico habitantes, mais chegou a ter unha poboación próxima ós 4500 na década dos anos 70. Tamén debemos lembrar que nese municipio nace o río Limia, ou “do esquecemento”, e di a lenda que os romanos non querían atravesalo por temor a perder a memoria.

Puxémonos en marcha na noite do 7, o primeiro sábado de setembro, arredor das 7.30, un pouco máis tarde que de costume, pois o percorrido era algo menos do habitual, uns 20 km escasos e bastante aturables.

De primeiras, numeraremos as persoas asistentes, que, polo regular, veñen sendo as mesmas dende a primeira edición, mais nesta ocasión participamos da mesma inxerencia e, como non podía ser doutra maneira, capitaneada unha vez máis por Xulia e Xosé Antonio, que, xunto con Eloy -que repite-, abandeiraban a provincia anfitrioa, onde se desenvolve a quilometraxe para cubrir. Tamén nos acompañaron Angie, Xosé Manuel, Fungue, Cris e Xulio, Iolanda e David, Edu e Alberte, que tamén reinciden. Engadimos desta vez a Sonia, Mayte, Manola Sieira e a Xosé Antonio e Tony -de Carnota-. Pois ben, saímos dunha molécula de Galicia, como diría o poeta, neste caso o citado Sarreaus.



Vilar de Barrio

Alguéns xa fixeron noite na casa rural próxima á saída, para evitaren o madrugón.

Como vén sendo habitual nas últimas ocasións, fixeron a súa presenza Conchi, Otilia, Paula e maila filla Sara, e mais Desi, para acompañarnos na comida e na posterior misa solemne no santuario ás 13 h do mediodía.

Desta ocasión, ó saírmos un pouco máis tarde, xa podemos desfrutar un pouco máis das belezas que o propio camiño nos amosaba. Ós poucos km xa nos deu por almorzar nun bar que encontramos ó paso por Vilar de Barrio, onde a señora quedou un pouco sorprendida cando lle enchemos o local. Aí fixemos a foto en grupo, antes de continuarmos.

A medida que avanzamos, imos encontrando unha Galicia onde vemos representados uns fortes movementos relixiosos e máxicos á vez, e xa non falemos dos case luxosos crepúsculos esculpados no noso ceo galego. As dúas primeiras horas estiveron molladas por unha fina e constante chuvia. Non foi o diluvio do pasado ano.

Imos vendo e lendo Aldea de Abaixo, Bresmaus, Pazos, Codosedo, o citado Vilar de Barrio, Porto, Arnude e, mesmo, Sarreaus; a toponimia, rítmica de tempos pasados, mostrándonos a propia particularidade coa que fomos bendicidos, como as parroquias que veñen sendo pequenas individualidades humanas, mais naturais tamén.

Coa mesma, imos asistindo e participando ó mesmo tempo dun xogo cósmico coa mesma terra que pisamos, pois os galegos somos, de primeiro, máis fillos da terra e do mar ca do mesmo ceo. A propia fartura da auga no noso territorio galego, só temos que ollar o noso arredor para darnos conta realmente de toda a beleza que nos envolve, tantas veces tamén moi abandonada á súa sorte... mais as mentalidades van cambiando e cada vez hai máis sensibilidade ó respecto.

Somos de terras molladas, de regatos e carballeiras exóticas e relucentes no seu paseo outonal, atrapándonos as miradas, con toda a súa simboloxía.

Pasiño a pasiño, vai decorrendo cun ritmo vivo, esperto, en harmonía, no fondo as caras van tendo outra expresión, reflectindo, con maior ou menor fidelidade, o contacto do propio espírito coa loita diaria, os ritmos internos da vida, a indiferenza ou, mesmo, o amor.

Soamente rexistraremos unha certa vivencia, con toque meditativo, factor que levanta unha certa confianza na propia realidade que imos harmonizando cos diferentes espallamentos que nos imos encontrando ó longo do traxecto. Coma se dun proceso cultural se tratase. En cada paisaxe que nos encontramos, tratan de manifestarnos as súas formas, o conxunto, dependendo das diferentes imaxes, dos ritmos e dos tempos que arrastren consigo. Todo ten a súa simboloxía, a súa organización, as súas cores ceibes, coa súa luz e coas súas sombras... toda esa expresión que nos chega coma se dun tremo musical se tratase. Unha beleza purificadora regalándonos todo o seu esplendor.

As cousas do camiño van acontecendo dun xeito ordenado, decorrendo por varias rutas onde se mestura o tempo coas distintas paisaxes que imos atopando, propias da nosa terra, as formas dos montes, distintos escenarios que van combinado as súas cores co latexar da vida...

Despois de comprar estampiñas e poñer a candea, pasamos por diante da Virxe e asistimos á santa misa. De seguido, collemos rumbo a Xinzo de Limia, ó restaurante Avenida, onde xantamos.

Para rematar, volvemos a Sarreaus na busca dunha aldea totalmente restaurada e adicada ó turismo rural, no lugar de Couso. A verdade é que vale a pena visitala, pois a paisaxe desprende unha tranquilidade reparadora para o espírito, pois



Vilar de Barrio

o corpo estaba algo danado pola andaina. A zona préstase para este tipo de eventos, pois a totalidade da aldea foi reparada ata o seu último detalle, onde se poden ver as fotos das mesmas casas arruinadas e abandonadas, cos seu muíños mollados polo río Limia.

Tras un refrixerio e unha agarimosa despedida, retornamos para a casiña, sen máis dilación, polo cansazo de toda a xornada, que empezaba a pasar factura. Pero, como vén sendo habitual, deixo constancia unha vez máis desta xornada nesta humilde revista. Un pracer sempre. Grazas e, para o ano, máis.



Couso

Subida polo Tambre dende o Albán á central de electricidade

Xesús Mato

Aínda que esta actividade non figuraba na programación anual da sección mariñeira de Terra de Outes, ante a demanda dalgúns socios e socias e aproveitando que entre a Inchadiña de Padrón e a Xuntanza Mariñeira do Cabo da Cruz tiñamos datas libres suficientes para atopar unha marea que nos coincidise ao xeito, decidímolos convocar para o sábado 31 de agosto, asumindo o responsable da sección mariñeira, Juan Padín, a organización. En total, 6 embarcacións, 4 de Terra de Outes: Langaño, Támara, Donas e a flamante doma Mar de Outes; a buceta da asociación Mar de Muros con este mesmo nome; e o barco da Bretaña francesa Alma, do noso socio Juancho (Juan López), 25 persoas a bordo.



Como os días xa duran menos nesa data, Padín decidiu que debiamos saír do Albán para ter tempo suficiente de xantar na central ao mediodía, un pouco antes da preamar; así que o día anterior levamos para alí os barcos. Debían ser as once cando empezamos a travesía; o día estaba algo anublado, morno. Daríalle por chover? O nordés amainara moito (o día anterior sopraba de máis), toca bolina con pouco vento, imos fartar de viradas. Como a marea axuda, movémonos bastante ben, a Donas, sen problema (só usa remos), vai dereita; présa ningunha, cando vemos A Ponte Nafonso case non

hai vento, os patróns e patroas compiten por aproveitar o pouco que hai, a Alma de Juancho, que saíu da Barquiña de Noia, xa se une ao resto. Algúns barcos deixan os mastros e velas na Argaceira antes de cruzar a ponte; recolleranas á volta. Xa estamos na enorme xunqueira, natureza núa que nos circunda e ensancha os ánimos, pasamos de estar content@s a empezar a estar eufórico@s. Non é para menos, os deuses están con nós: temperatura ideal e anublado. Mellor!: estar ao sol todo o día farta moito e, aínda que hai que remar, non suamos porque, ademais, non hai vento e a marea axuda. Case silencio, só voces das conversas e algunha gargallada máis forte de cando en vez; é como ir de romaría en barco. Esta actividade non é coma as outras que estivemos facendo ao longo do ano; non se trata de “exhibir as embarcacións para a posta en valor...”, non hai a presión de cumprirmos con non sei que programa. Por iso imos tan alegres, é coma unha festa de nós e para nós. Pouco debe quedar para a central, o río estréitase, a Donas para, Padín de pé na proa en traxe de baño, un chimpó e está na auga, toca bañarse, risas e berros, como se ata os “xubiletas” fosen crianzas; non se cre, pero a auga tamén está morna. Despois do baño, enseguida chegamos ao destino, xantamos á beira do magnífico edificio da central, verdadeira xoia da arquitectura industrial de primeiros do século pasado, obra de Antonio Palacios; de non ser pola situación, ningún acertaría o que hai dentro. Demorámonos, sobra tempo, o escabeche dos mexillóns de Lucita que José Antonio comparte é o prato estrela, fotos, conversa... Un chisco antes de cambiar a marea emprendemos a volta, parada no pazo do Tambre e outro baño, un chisco de vento entre Rates e o Picouso dá para un par de viradas con xeito e levantar remos, aínda é día cando amarramos satisfet@s por tan maravillosa xornada; hai que repetir: para a próxima toca Tins. Coidado coas expectativas, pois non sería de estrañar que os deuses mudasen de humor, sobre todo polo pouco que facemos por Gaza, agora tamén polo Líbano, como crónica dun masacre anunciado ante a mirada impasible do mundo. Terá que chegar o lume á porta da casa?



Os barcos de Terra de Outes no noso cine

Aínda que non é a primeira vez que poñemos o noso gran de area no sétimo arte, daquela fora na película *A illa das mentiras*, dirixida pola tamén galega Paula Cons, onde se narra o tráxico final do buque Santa Isabel, que levaba arredor

de 250 persoas con destino á querida Arxentina, tendo lugar o naufraxio preto da Isla de Sálvora. Mais daquela nin nos créditos figuramos... cousas que pasan, mais aí queda a colaboración de Terra de Outes.

III XUNTANZA MARIÑEIRA DO CABO DA CRUZ

Esta concentración de embarcacións, que tivo lugar no 6 e 7 de setembro, ponlle o remate á participación de Terra de Outes neste tipo de eventos no ano 2024.

A asociación organizadora, A Gamela, ten empeño na conservación dunha das tipoloxías que ata hai pouco era moi abundosa en toda Galiza, a buceta e, ao mesmo tempo, en recuperar unha tradición mariñeira, a regata con embarcacións tradicionais. O feito de que na Feira Náutica do Freixo se organizase unha regata de bucetas, na cal participou esta asociación, foi consecuencia da súa influencia. Devolvémoslle aquela visita participando coas dúas bucetas: Támara e Donas. Boa organización, bo trato, magnífico xantar con música e baile no mar a bordo dunha batea..., seguro que o ano que vén tampouco fallamos.



O LANGAÑO PARTICIPA NA RODAXE DUN FILME SOBRE CASTELAO

Por segunda vez unha produtora cinematográfica contacta con Terra de Outes para rodar algunha escena con embarcacións.

Alén de Nós (título da película) é sobre a vida de Castelao. A escolla do Langaño é moi atinada, xa que se trata da copia fiel dun bote de Noia de 1925 e ata é posible que o propio Castelao o



visite nalgunha visita a esta vila ou que, por algunha razón, o Langaño estivese por Rianxo para descargar peixe, que é o que pensan representar.

Igual ca na outra película (*A illa das mentiras*), na que o barco era a Donas, a rodaxe faise no porto de Cabanas. Tampouco cambia o actor escollido, José Antonio García Hermida, como confirma a foto. Debería aumentar o caché, xa que insistiron en que tiña que ser el.

Está previsto que se estree en 2025.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

Traballos de Albanería e Cantería

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com

facebook.com/construccionblanco/



Galiza e Galicia e outras palabras con terminacións análogas no período medieval

Paulo Gamallo

Despois do excelente traballo do catedrático Martinho Montero Santalha sobre o uso das formas *Galiza/Galicia* no período medieval, non é fácil acrescentar novas informacións sobre este asunto sen evitar redundancias. No entanto, como se trata dunha vella polémica aínda viva nos medios de comunicación (como o recente artigo no Praza por L.C. Carballal) e nas redes sociais, insistirei en defende-la forma *Galiza* como a maioritaria no galego medieval fronte á forma castellanizada, *Galicia*, achegando un punto de vista máis abrangente. Nomeadamente, presentarei a distribución e evolución das formas *Galiza* e *Galicia* no contexto doutras palabras que posúen terminacións análogas sen iode (-zo/-za) para as formas patrimoniais e con iode (-cio/-cia) para as formas semicultas castellanizadas. O método utilizado, de carácter empírico, será o mesmo que usei no meu anterior artigo no Portal Galego da Língua sobre os pares de sufixos -zon/-cion e -bell/-ble.

Deste xeito, compararei, en termos puramente cuantitativos, a frecuencia de distribución das formas *Galiza* e *Galicia* nun corpus representativo do galego-portugués medieval da Galiza ó longo de tres séculos: XIII, XIV e XV. A seguir, os datos obtidos para o par *Galiza/Galicia* serán comparados coa distribución dun pequeno feixe de palabras con dúas terminacións, sen iode e con iode, en conflito. O corpus do galego medieval da Galiza utilizado no presente estudo, cedido polo profesor Xavier Varela do ILG e que forma parte do TMLG (Tesouro Medieval Informatizado da Língua Galega), consta de 9 documentos do século XIII que conteñen 254 mil palabras, 12 documentos do XIV con 817 mil palabras, e 6 documentos do XV con 350 mil palabras. No total, o corpus conta con cerca de 1 millón e medio de palabras, sendo **tódolos documentos de autoría galega (e non portuguesa)**.

Os documentos pertencen a diversos xéneros, incluíndo textos líricos, ensaios e escrituras notariais. Entre as obras compiladas, inclúense as Cantigas de Santa Maria, a chamada contemporaneamente "Crónica Xeral de Castela", o Cancioneiro da Ajuda, cantigas de Airas Nunes e numerosas actas notariais. Un dos principais problemas deste corpus é que moitos dos documentos, nomeadamente os notariais, conteñen parágrafos e fragmentos en castelán medieval. A identificación e separación destes fragmentos foi feita cun detector automático de variedades medievais. É preciso salientar que o número total de parágrafos do corpus é de 165 mil e foron detectados apenas 1400 en castelán medieval (ou nun galego medieval moi influenciado polo castelán). Como era esperábel, a inmensa maioría do texto dos documentos está escrita en galego-portugués.

Comezamos este estudo analizando a distribución do par *Galiza/Galicia* ó longo dos tres séculos. Para levar a cabo a análise, foron identificadas e listadas tódalas variantes gráficas dos dous termos:

- **Galiza:** *Galiza, Galisa, Galiça, Galliza, Gallisa, Galliça*
- **Galicia:** *Gallizia, Galisia, Galicia, Gallizia, Gallisia, Gallicia, Galleçia*

A seguir, foron extraídas tódalas ocorrencias das palabras con algunha das variantes listadas nas tres particións do corpus (séculos XIII, XIV e XV), así como os valores agregados, tal e como se mostra nas táboas 1 e 2.

Galiza	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV	Total
<i>Galiza</i>	8	11	75	94
<i>Galliza</i>	4	18	5	27
<i>Galliça</i>	2	4	2	8
<i>Galisa</i>	-	2	8	10
<i>Gallisa</i>	-	7	-	7
<i>Galiça</i>	-	-	2	2
Total	14	42	92	148

Táboa 1. Ocorrencias das variantes de *Galiza* no corpus medieval da Galiza ó longo de tres séculos e en parágrafos identificados automaticamente como sendo escritos en galego-portugués

Galicia	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV	Total
<i>Gallizia</i>	1	1	33	35
<i>Galicia</i>	-	3	2	5
<i>Galizia</i>	-	-	11	11
<i>Gallisia</i>	-	-	4	4
Total	1	4	50	55

Táboa 2. Ocorrencias das variantes de *Galicia* no corpus medieval da Galiza ó longo de tres séculos e en parágrafos identificados automaticamente como sendo escritos en galego-portugués

A táboa 1 mostra a distribución ó longo dos tres séculos estudados das variantes de *Galiza*, que teñen unha frecuencia total de 148 ocorrencias en parágrafos seleccionados polo detector de lingua como sendo escritos en galego-portugués. A táboa 2 reflicte a distribución das ocorrencias das variantes de *Galicia*, cuxo agregado total é case tres veces inferior: 55 ocorrencias totais, a maioría delas (50) encontradas en documentos do século XV.

Cómpre salientar que na táboa 2 aparecen 4 das 7 variantes de *Galicia*, pois 3 delas (*Gallisia, Gallicia, Galleçia*) só aparecen en fragmentos en castelán. Unha vez feito o mesmo estudo cuantitativo en relación cos fragmentos en castelán, identificamos 47 ocorrencias no total de variantes de *Galicia*, mentres que só aparecen no total 10 variantes de *Galiza* neste tipo de parágrafos. En consecuencia, **en contraste cos parágrafos en galego-portugués, o termo Galicia é o maioritario nos fragmentos en castelán medieval.**

Para visualizarmos mellor as frecuencias das formas *Galiza/Galicia* en termos relativos, pois os corpus de cada século son de tamaños diferentes, observémo-la razón ou proporción entre os valores das dúas formas nos fragmentos en galego-portugués e castelán que nos fornece a figura 1. Esta figura mostra dúas curvas: por un lado, a curva vermella representa a evolución da proporción entre a frecuencia agregada das variantes de *Galiza* fronte á frecuencia das variantes de *Galicia* ó longo dos séculos en texto escrito en galego-portugués e, polo outro, a curva violeta representa a proporción entre as variantes de *Galicia* fronte ás de *Galiza* nos fragmentos en castelán medieval. As curvas mostran unha tendencia moi significativa: a maior proporción de *Galiza* fronte a *Galicia* atinxe o máximo no século XIII (14 veces maior) e vai caendo até ser menos do dobre (92 fronte a 50) no século XV. En contraste, nos parágrafos en castelán medieval, a proporción entre *Galicia* fronte a *Galiza* vai crescendo até chegar a ser 14 veces maior no século XV. Esta figura mostra con claridade unha correlación forte entre a progresiva aparición das variantes de *Galicia* nos textos escritos tanto en galego-portugués coma en castelán medieval e a progresiva influencia de Castela na Galiza ó longo dos séculos da baixa Idade Media. **É preciso ter moita imaxinación para non ver aquí un indicio claro de castellanización no uso cada vez máis frecuente de Galicia ó longo dos séculos.**




Figura 1. Maior proporción de *Galiza* fronte a *Galicia* nos fragmentos en galego-portugués, comparada coa maior proporción de *Galicia* fronte a *Galiza* nos fragmentos en castelán, e evolución das proporcións (descenso de *Galiza* e aumento de *Galicia*) ó longo dos tres períodos estudados (séculos XIII, XIV e XV)

A seguir, analizámo-la evolución da distribución de frecuencias doutras palabras que, como o par *Galiza/Galicia*, sufreran similares vacilacións entre as formas patrimoniais sen iode e as formas castelanizadas con iode. Nomeadamente, analizámo-los seguintes seis pares de formas e as súas variantes gráficas:

- **espazo:** *espazo, espaço, espaso, espacio*
- **espacio:** *espacio, espaço, espasio, espazio*
- **prezo:** *prezo, preço, preco*
- **precio:** *precio, preço, presio, prezio*
- **servizo:** *servizo, serviço, serviso, servico*
- **servicio:** *servicio, serviço, servisio, servizio*
- **graza:** *graza, graça, grasa, gracia*
- **gracia:** *gracia, graça, grasia, grazia*
- **xustiza:** *justiza, justiça, justisa, justica*
- **xusticia:** *justicia, justiça, justisia, justizia*
- **sentenza:** *sentenza, sentença, sentensa, sentenca*
- **sentencia:** *sentencia, sentença, sentensia, sentenzia*

Mesmo se as formas con iode (-*cio/-cia*) triunfaron na fala popular, xunto cunha mancha de castelanismos, as últimas normas da RAG de 2003 só admiten as formas patrimoniais sen iode para este conxunto de palabras. No caso de *Galiza/Galicia*, as dúas formas son consideradas lexítimas, sendo a forma con iode maioritariamente usada na actualidade e recoñecida como “a denominación oficial do país”.

-zo/-za	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV	Total
espazo	1	4	1	6
servizo	3	39	26	68
prezo	131	251	32	414
graza	7	59	49	115
xustiza	11	40	27	78
sentenza	72	53	38	163
Total	225	446	173	844

Táboa 3. Ocorrencias das formas sen iode terminadas en -zo/-za no corpus medieval da Galiza ó longo de tres séculos e en parágrafos en galego-portugués (para simplificar, o valor de cada forma por século é a suma das frecuencias de tódalas súas variantes)

-cio/-cia	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV	Total
espacio	1	3	4	8
servicio	-	7	2	9
precio	19	13	4	36
gracia	18	53	17	88
xusticia	4	9	23	36
sentencia	12	31	38	81
Total	54	116	88	258

Táboa 4. Ocorrencias das formas con iode terminadas en -cio/-cia no corpus medieval da Galiza ó longo de tres séculos e en parágrafos en galego-portugués (para simplificar, o valor de cada forma por século é a suma das frecuencias de tódalas súas variantes)

As táboas 3 e 4 mostran as distribucións dos seis pares de formas agregando a frecuencia das súas variantes en cada liña para simplificar a visualización. Obsérvase que as ocorrencias das variantes terminadas na forma patrimonial -zo/-za é maioritaria: 844 ocorrencias, fronte a 258 casos de variantes terminadas en -cio/-cia.

Como os corpus de cada século son de tamaño diferente, vai ser preciso relativizar de novo estes valores. Desta volta, usámo-la porcentaxe ou probabilidade de ocorrencia das formas en -za/-zo fronte a -cia/-cio ó longo dos séculos, incluíndo as probabilidades de *Galiza* fronte a *Galicia*. A táboa 5 mostra estes valores relativos onde se observa como as formas patrimoniais (en azul) teñen unha porcentaxe de uso moito maior do que as formas con iode, mais esa porcentaxe descende ó longo dos séculos. A figura 2 visualiza mellor esa baixada, que é máis marcada no caso de *Galiza* fronte a *Galicia* ca no caso das demais palabras terminadas en -zo/-za fronte ás terminadas en -cio/-cia. De cada 100 ocorrencias *Galiza/Galicia*, 93 son escritas con variantes de *Galiza* no século XIII, mais só 64 de cada 100 no XV. As palabras patrimoniais terminadas en -zo/-za seguen a mesma tendencia mais máis suave: a curva descende de 80 para 66 por cento de uso ó longo dos tres séculos.

	Séc. XIII	Séc. XIV	Séc. XV	Total
Galiza	0,93	0,91	0,64	0,73
Galicia	0,07	0,09	0,36	0,27
-zo/-za	0,80	0,79	0,66	0,76
-cio/-cia	0,20	0,19	0,34	0,24

Táboa 5. Porcentaxes de uso das diferentes formas estudadas ó longo dos tres séculos en fragmentos en galego-portugués. As porcentaxes totais (última columna) son calculadas sobre o total de ocorrencias




Figura 2. Visualización das porcentaxes/probabilidades de uso das formas patrimoniais nos fragmentos en galego-portugués ó longo dos tres séculos medievais (as porcentaxes da gráfica son os valores en azul da táboa 5)

As porcentaxes mostradas correlacionan coas proporcións ou razóns de uso entre as formas sen e con iode. A proporción de uso de *Galiza* fronte a *Galicia* e das palabras en -za/-zo fronte a -cia/-cio tamén vai decrecendo co pasar dos séculos e a progresiva castelanización da escrita. Os mesmos datos que explican a evidente castelanización de *gracia(s)* ou *espacio* demostran igualmente que **Galicia é un claro e inequívoco castelanismo**.

Á luz destes datos, é difícil soste- lingüísticamente que a forma *Galicia* sexa lexítima en canto que outras palabras con iode, como *gracia(s)* ou *espacio*, tamén moi populares na fala espontánea, sexan castelanismos non permitidos polas normas da RAG. É ben probábel que, alén dos criterios lingüísticos e cuantitativos, as normas da nosa lingua estean reguladas por valoracións subxectivas ligadas á psique do colonizado: se o noso dono e señor chama o noso país *Galicia*, esta debe se-la forma lexítima. Trátase dun preconceito forte e sólido coma unha rocha, inserido no ADN da xente, e contra un tal preconceito nada ou pouco poden facer estudos cuantitativos como este.

Paulo Gamallo (catedrático da Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela)

(Publicado orixinalmente en xaneiro de 2021 no Portal Galego da Língua e no Praza.gal. Versión para a *Terra de Outes* de Xosé Carlos Gz Añón)

A dieta atlántica de Añón (IV)

Ramón Blanco

Remexendo na nosa gran librería, que conta volumes cinco, achamos *Lengua, literatura e sociedade en Galicia* (Xesús Alonso Montero, ed. Akal, col. Arealonga, Madrid, 1977). Nesta colectánea de textos o noso vello profesor dedica o segundo apartado a “Unhas faíscas de sociolingüística”, que comeza precisamente cun artigo que publicara en *El Correo Gallego* (“Santiago, Nadal, 1969”) onde afonda na socioloxía da lingua arredor da palabra “pantrigo”, a partir do xa coñecido verso de Rosalía de Castro “festa sin trigo”. Podemos considerar pois este traballo xornalístico se non xemelgo si parello ao do prólogo a Neira Vilas que mentabamos na nosa anterior entrega. Moi na súa liña, a da crítica literaria marxista, Alonso Montero repara nesta literatura escrita “dende os supostos mentales de quen vive na dura probeza campesina”. Entre outros datos e citas literarias, as mesmas empregadas no prólogo citado, lémbraunos o refrán recollido por Eladio González no seu dicionario: “O pantrigo fíxoo Dios, a broa mandouna facer”. E case ao remate, nunha adición incluída para o formato libro, ofrece os versos desta triada: “Non hay tal vicio/ como o pan de trigo/ e leite macizo”. Sobre isto último habemos volver, mais antes volvamos rillar un algo no pantrigo e na boroa de Añón.

Coma Rosalía, e seguramente con maior coñecemento de causa, tamén el sabe falar como un aldeán pobre, desde os supostos dun aldeán pobre, que diría Alonso Montero. En efecto velaí, como sostén este filólogo, “o segredo de autenticidade” de *Cantares Gallegos*: “A raigaña está nos seus anos de Ortoño, na súa infancia vivida entre nenos labregos de Mahía, entre xentes sinxelas e sufridas das aldeas de Santiago. Foi alí onde adeprendeu o significado de “pantrigo”, nome que esixe hoxe unha puntualización: que era unha expresión de clase”. Ben falado, profesor!



Romeiros do San Campio con violinista cego e pandeireteiras, nos primeiros anos do s. XX

Corroboramos o antedito na composición “Galicia visitada por los Reyes”, da que Fernando Bel Ortega ofrece como data e lugar posíbeis a de 1858 en Madrid, pois en setembro dese ano a raíña Isabel II chegara á Coruña co seu consorte Francisco de Asís de Borbón e mais co meniño príncipe de Asturias, o futuro Alfonso XII, así como algúns cortesáns, para inaugurar as obras do ferrocarril. Consta que visitou tamén Ferrol, Santiago de Compostela e outros lugares galegos. Non será o único poema áulico que dedique o boelo á monarquía española, e de feito farao con maior pompa nestoutros, todos eles en castelán: “A.S.M. Doña María Cristina de Borbón”, “A Galicia visitada por el rey Don Amadeo I”, “A S.A.R. la Serma. Sra. Infanta duquesa de Montpensier presentando á su excelsa hija la princesa doña Maria Cristina” ou “A S.M.D. Alfonso XII”. Desde logo parece casar mal coa idea do Añón republicano do que xa tanto temos lido e escrito, mais sonlles as caras contraditorias dun creador poliédrico.

A temática da visita real é moi frecuente nos poetas do XIX (un exemplo paradigmático é o de Vicente Turnes, compostelán nado en 1786 e finado en 1865), os cales acostuman “disfrazarse” de labregos que saúdan a familia real. Temos moi próximo e moi presente o caso de Nicolasa Añón; a irmá maior do precursor é unha labrega auténtica e non ten que recorrer a este “truco” literario e ademais aproveita para denunciar a mala situación galega noutra visita de Afonso XII, xa rei, coidamos que no 1877: (...)/ Moitos deixan do ir ver/ por non haber diñeiro non/ por que aínda non se da xunto/ para á grande contribución/ (...).

Observemos como pon o outro irmán poeta este tema en boca de labregos: “Mozas =/ Cata a Reyna: que nova e garrida/ que sorrira, que doce mirar!/ Vede o Rey que bo mozo e que guapo/ se me dan a escoller non sey cal./ Ben sey cal, ben sey cal!/ Que bonitos que son os pequenos/ Rapaces = Ulos, ulos?/ Mozas = A Ynfanta ali está;/ Aló téndelo pequerrechiño,/ rebuldando n’o colo d’a Nay./ Acolá, acolá!/ Mozos =/ Ou rapaces, por hortas e prados/ por jardins e silveyras pulay:/ caraveles pajáros e froytas/ para os Nenos coller ide ja/ Yde ja, ide ja!”. Mais, fóra da alusión ás froitas (e aos peixes mellores, nun verso posterior), o que nos interesa agora para o noso propósito vén na seguinte estrofa: “Dailles mel, nata, leite e pan-trigo,/ porque a broa n’á poden rillar.../ Yde ajiña e volvé, preguiceiros,/ ja que escola estes dias non hay/ Vinde ja, vinde ja!/ *Rapaces con cabaces de froles e froitas.*/ Por Dios aceiteade tan probes ofrendas/ saidas d’o peito que ferve en lealdá./ Daranvos n’algures máis ricas merendas;/ pardiola! en ningures con mais volunta.” E aquí o deixamos por hoxe, a 9 de outubro de 2024, aniversario do nacemento de Francisco Añón.